ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU19016

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: VII Congreso sobre prevención e represión do branqueo de diñeiro: reformas de 2018, economía, sociedade e cultura dixitais

CONVOCATORIA: VII Congreso sobre prevención e represión do branqueo de diñeiro

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	20
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 11/07/2019 - 08:00h ao 16/07/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O congreso analizará as reformas normativas de 2018 en materia de prevención e represión do branqueo de diñeiro así como a súa incidencia na economía, sociedade e cultura dixitais e conta cos máis destacados especialistas nacionais na materia. En particular, analizaranse a Directiva de 2018/843 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio, pola que se modifica a Directiva 2015/849 relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, e a nova normativa de prevención do mesmo ano que, mediante o Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, modificou a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
O obxectivo principal do congreso é atender a manifesta demanda social, científica e económica sobre a prevención e represión do branqueo de diñeiro. Sobre todo preténdese, neste ámbito sometido a constantes modificacións nas normativas nacionais e internacionais, actualizar e perfeccionar a discusión e formación, ante as reformas dos últimos meses, penais, tributarias, administrativas e comunitarias.
Destacarase especialmente a incidencia da normativa de prevención do branqueo na actividade administrativa e as obrigacións e deberes do persoal ao servizo da Administración pública. Destacarase, ademáis, o evidente perigo que presentan as novas tecnoloxías no branqueo de diñeiro, como advirte a Directiva de 2018/843 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio, perigo a que se suma a posibilidade de que se instrumentalice o persoal empregado público, entidades financeiras, empresas, economistas e avogados para o branqueo de diñeiro.

DESTINATARIOS

O Congreso está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

O Congreso dividirase en dúas seccións:

a) Sección profesional, financeira, administrativa, constitucional, económica e tecnolóxica.

Nela trataranse os seguintes temas:

- A creación dun organismo autorregulador para a avogacía e os órganos centralizados de prevención das profesións colexiadas recoñecidos polo artigo 27.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, sobre prevención do branqueo, modificado polo Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto.
- Medidas reforzadas de dilixencia debida en relación cos países de alto risco no marco da loita antibranqueo do RDL 11/2018.

- As sancións administrativas do Real decreto lei 11/2018 e o principio non bis in idem respecto ás sancións penais e tributarias.
- A agravación das sancións administrativas en materia de branqueo polo RDL 11/2018, do 31 de agosto.
- A constitucionalidade do RDL 11/2018, a súa extraordinaria e urxente necesidade.
- As canles de denuncia do RDL 11/2018 e o dereito á protección de datos.
- As estatísticas sobre aplicación da normativa administrativa en España da Lei de 2010 de prevención do branqueo e a súa reforma de 2018.
- Os perigos que para o branqueo representan as lotarías e os xogos de azar electrónicos segundo o RDL 11/2018.

b) Sección penal.

Nela abordaranse:

- O branqueo de diñeiro, a responsabilidade criminal das persoas xurídicas e a titularidade real segundo a Directiva de 2018 e o RDL 11/2018, do 31 de agosto.
- O tipo agravado do branqueo por pertenza a unha organización criminal e o acceso dos grupos terroristas ás institucións financeiras internacionais segundo a Directiva de 2018.
- O uso das tarxetas de prepagamento para o branqueo e o financiamento do terrorismo e a Directiva de 2018.
- As diferenzas entre branqueo de diñeiro e financiamento do terrorismo.
- A orde socioeconómica como ben xurídico protexido polo tipo penal do branqueo de diñeiro.
- A análise estatística do volume e evolución do delito de branqueo de diñeiro en España ata 2019.
- As relacións do branqueo de diñeiro co delito fiscal e a tributación de actividades ilícitas.
- O compliance e as políticas e procedementos do artigo 26 da Lei 10/2010, do 28 de abril, sobre prevención do branqueo, modificado polo RDL 11/2018, do 31 de agosto.
- O delito de branqueo de diñeiro procedente do narcotráfico e as novas tendencias de financiamento do terrorismo advertidas pola Directiva de 2018.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

O número de prazas estará limitado pola capacidade do local.
A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 18/07/2019 a 19/07/2019
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NIELSON SANCHEZ STEWART

DANIEL EDUARDO MARQUEZ LASSO

MARIA TERESA CARBALLEIRA RIVERA

ANTONIO CARLOS PEREIRA MENAUT

CARLOS RUIZ MIGUEL

Mª Mercedes Tato Rodríguez

José Caamaño Alegre

MIGUEL ABEL SOUTO

Miguel Ángel Núñez Paz

DIEGO JOSE GOMEZ INIESTA

JUAN CARLOS FERRE OLIVE

CARLOS MARTINEZ BUJAN PEREZ

María del Carmen López Andión

JUAN JOSE NIETO MONTERO

JAVIER GUSTAVO FERNANDEZ TERUELO

JOSE MANUEL LORENZO SALGADO

XOSE MANUEL IGLESIAS CASAIS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 18 de xullo de 09:00 a 13:45. O día 18 de xullo de 16:00 a 19:45. O día 19 de xullo de 09:30 a 13:45. O día 19 de xullo de 16:00 a 21:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA